

NOTA

Relator: Daniel Campi (Director. Instituto Superior de Estudios Sociales – CONICET, Argentina)

Título: Lugares de la memoria: El pozo de Vargas

Día: 14/05/2018

Hora: 12:00 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula de Máster Contemporánea

Sobre a conferencia:

O Pozo de Vargas é un pozo de auga que foi utilizado como un sitio de inhumación clandestina durante o terrorismo de Estado en Arxentina. O Pozo de Vargas atópase localizado no Departamento de Taff Viejo na provincia de Tucumán, Arxentina.

Sobre o autor:



Doutor en historia, Investigador Principal do Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas (CONICET) e Profesor Titular na Universidad Nacional de Tucumán (UNT). Na actualidade é Director do Instituto Superior de Ciencias Sociales (CONICET-UNT). Ten publicado varios libros e máis de 70 artigos, capítulos de libros e relatorios referentes a historia económica e social rexional. Ten dirixido 8 teses doutorais e máis de vinte tesinas de licenciatura. A súa tese doutoral foi *Azúcar y trabajo. Coacción y mercado laboral en Tucumán, Argentina, 1856-1896* resume a súa liña principal de investigación, a conformación dun moderno mercado de traballo no marco da continuidade de arcaicas normativas laborais. Tamén realizou contribucións sobre a política da azucreira argentina (fins do s. XIX e s. XX), sobre o rol de diversos actores sociais do s. XIX na economía do norte arxentino e algunhas aproximacións comparativas sobre os complexos azucreiros latinoamericanos. Integra a Red para la Articulación y el Fortalecimiento de las Investigaciones en Derechos Humanos en la Argentina (CONICET – Secretaría de Derechos Humanos de la Nación). Baixo a súa dirección o ISES tomou parte en numerosas accións de condena de crimes de lesa humanidade e de compromiso coas políticas de Memoria, Verdade e Xustiza.

Ligazóns:

<http://ises.org.ar/autoridades.php>

<https://www.youtube.com/watch?v=sjKmbVMKstU>

Máis información:

Grupo de Investigación HISTAGRA

Departamento de Historia

Facultade de Xeografía e Historia. Praza da Universidade, 1. 15782 Santiago de Compostela

histagra@usc.es // 881812734

Patrocina:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA